



CONCELLO DE PARADELA

Rúa Cabaleiros de Santiago nº 15
27611 Paradelas
Tfno: 982 54 11 01/ 96
Fax: 982 54 12 32 / 07
E-mail: concello.paradela@eidolocal.es

D. José López González, Secretario-Interventor do Concello de Paradelas, Provincia de Lugo

Certifico: Que o Pleno en sesión ordinaria celebrada o 30 de xullo de 2015 adoptou, entre outros, o acordo que transcribo literalmente a continuación:

“5º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DE CRÉDITO Nº 9/2015, BAIXO A MODALIDADE DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITO ENTRE DISTINTAS ÁREAS DE GASTO.

Consta no expediente, a seguinte proposta de Alcaldía

“Vista a execución do orzamento 2015, analizados os saldos dipoñibles nas distintas partidas orzamentarias dentro de cada área de gasto, observáse a necesidade de transferir crédito entre as distintas partidas das áreas de gasto, xa que nalgunhas existe un saldo dispoñible que excede do que se prevé que se vai a gastar, mentras que noutras partidas ese saldo considerase insuficiente para facer fronte aos gastos que se pretende executar no que resta do exercicio de 2015.

O que se propón e transferir créditos destinados á inversión nova para a adquisición do terreos que permitan executar o proxecto de Acondicionamento e mellora do acceso a Toexe; para gastos derivados do servizo de motobomba e brigada de incendios e para gastos de inversión de administración xeral, reducindo o crédito definitivo existente a día de hoxe na partida 453.619 adicado a infraestruturas e bens destinados ao uso xeral.

Tendo en conta o exposto, emítase informe pola Secretaria-Intervención sobre a seguinte proposta de transferencia de crédito:

Desta forma propónse realizar unha modificación do orzamento, baixo a modalidade de transferencia de crédito entre partidas de gastos de distintas áreas de gasto, por importe de 19.000,00 euros, co seguinte detalle:

Altas en Partidas de Gastos:

Partida		Descripción	Importe Euros
<i>Grupo Programa</i>	<i>Concepto</i>		
136	221	<i>Servizos públicos básicos. Seguridade e mobilidade cidadá. Servizo de extinción de incendios. Gastos correntes en bens e servizos. Material, subministrados e outros.</i>	2.100,00
136	224	<i>Servizos públicos básicos. Seguridade e mobilidade cidadá. Servizo de extinción de incendios. Gastos correntes en bens e servizos. Primas de seguros</i>	925,00
1531	600	<i>Servizos públicos básicos. Vías públicas. Accesos núcleos de poboación. Inversión nova infraestruturas e bens destinados ao uso xeral. Inversóns en terreos</i>	4.975,00

161	629	Servizos públicos básicos. Benestar comunitario. Abastecemento domiciliario de auga potable. Outras inversión novas asociadas ao funcionamento operativo dos servizos.	7.200,00
920	623	Actuacións de carácter xeral. Administración xeral. Inversión nova asociada ao funcionamento operativo dos servizos, maquinaria, instalacións técnicas e utillaxe.	9.800,00

Baixas en partida de gastos:

Partida		Descrición	Importe Euros
<i>Grupo Programa</i>	<i>Concepto</i>		
453	619	Actuacións de carácter económico. Infraestruturas. Carreteras. Inversión de reposición infraestruturas e bens destinados ao uso xeral.	25.000,00

En base a normativa citada, e ao informe emitido pola Secretaría Intervención, esta Alcaldía eleva ao Pleno a seguinte Proposta:

PRIMEIRO.- *Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos nº 9/2015, baixo a modalidade de transferencia de crédito entre partidas de gastos de distintas áreas de gasto, de acordo co seguinte resumo:*

Créditos a minorar:

Partida		Descrición	Importe Euros
<i>Grupo Programa</i>	<i>Concepto</i>		
453	619	Actuacións de carácter económico. Infraestruturas. Carreteras. Inversión de reposición infraestruturas e bens destinados ao uso xeral.	25.000,00

Créditos a incrementar:

Partida		Descrición	Importe Euros
<i>Grupo Programa</i>	<i>Concepto</i>		
136	221	Servizos públicos básicos. Seguridade e mobilidade cidadá. Servizo de extinción de incendios. Gastos correntes en bens e servizos. Material, subministros e outros.	2.100,00
136	224	Servizos públicos básicos. Seguridade e mobilidade cidadá. Servizo de extinción de incendios. Gastos correntes en bens e servizos. Primas de seguros	925,00
1531	600	Servizos públicos básicos. Vías públicas. Accesos núcleos de poboación. Inversión nova infraestruturas e bens destinados ao uso xeral. Inversóns en terreos	4.975,00
161	629	Servizos públicos básicos. Benestar comunitario. Abastecemento domiciliario de auga potable. Outras inversión novas asociadas ao funcionamento operativo dos servizos.	7.200,00



CONCELLO DE PARADELA

Rúa Cabaleiros de Santiago nº 15
27611 Paradelas
Tfno: 982 54 11 01/96
Fax: 982 54 12 32 / 07
E-mail: concello.paradela@eidolocal.es

920	623	Actuacións de carácter xeral. Administración xeral. Inversión nova asociada ao funcionamento operativo dos servizos, maquinaria, instalacións técnicas e utillaxe.	9.800,00
-----	-----	--	----------

SEGUNDO.- Expor este expediente ao público mediante anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia, por quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

Paradelas, 23 de xullo de 2015. O Alcalde-Presidente. Asdo.: José Manuel Mato Díaz”.

Non habendo debate algún, procedeuse á votación, resultando aprobada a proposta de Alcaldía pola maioría absoluta, co voto favorable dos sete Concelleiros do Grupo Municipal do Partido Popular e a abstención dos dous membros do Grupo Municipal Socialista, sendo nove o seu número legal de membros”.

E para que así conste e aos efectos oportunos, expido e asino a presente certificación, por orde e co visto e praxe do Alcalde, D. José Manuel Mato Díaz, en Paradelas a trinta e un de xullo de dous mil quince.

Vº e praxe
O Alcalde

Concello de Paradelas
Lugo
Alcaldía

O Secretario-Interventor

Concello de Paradelas
Secretaría

BEGONTE

Anuncio

Formada e rendida pola intervención a Conta Xeral desta Entidade Local, correspondente ao exercicio de 2.014 , e informada pola Comisión Especial de Contas con data 2 de setembro do actual, de conformidade e aos efectos previstos no art. 212 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, expónse ao público, xunto cos seus xustificantes, na Secretaría do Concello, polo prazo de quince días, a fin de que durante os mesmos e oito mais, poidan ser examinados e formularse, no seu caso, as reclamacións, reparos ou observacións que estimen pertinentes.

Begonte, a 2 de Setembro de 2015.- O Alcalde-Presidente, José Ulla Rocha.

R. 3374

PARADELA

Anuncio

APROBACIÓN DEFINITIVA EXPEDIENTE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 9/2015, BAIXO A MODALIDADE DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITO ENTRE PARTIDAS DE GASTOS DE DISTINTAS ÁREAS DE GASTO

En cumprimento do artigo 169.3, por remisión do 179.4 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, ao non haberse presentado alegacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o acordo de Pleno adoptado en sesión ordinaria de data 30 de xullo de 2015, sobre o expediente de modificación de créditos n.º 9/2015, baixo a modalidade de transferencia de crédito entre partidas de gastos de distintas áreas de gasto, faise público que, tras este expediente, o resumo por capítulos do estado de gastos do orzamento municipal do exercicio 2015, é o seguinte:

Cap. 1 Gastos de persoal	401.973,25 €
Cap. 2 Gastos en bens correntes e servizos	467.625,00 €
Cap. 3 Gastos Financeiros	4.057,38 €
Cap. 4 Transferencias correntes	33.000,00 €
Cap. 6 Inversións	416.401,75 €
Cap. 7 Transferencias de capital	0,00 €
Cap. 8 Activos financeiros	0,00 €
Cap. 9 Pasivos Financeiros	26.942,62 €
TOTAL	1.350.000,00 €

Contra o presente Acordo, en virtude do que se dispón no artigo 113 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, os interesados poderán interpor directamente recurso contencioso-administrativo na forma e prazos establecidos nos artigos 25 a 43 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da devandita Xurisdición.

Sen prexuízo diso, a tenor do que se establece no artigo 113.3 da Lei 7/1985, a interposición do devandito recurso non suspenderá por si só a efectividade do acto ou Acordo impugnado.

En Paradelas, a 31 de agosto de 2015.- O Alcalde-Presidente en funcións, Martín López López

R. 3354

ADAMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

XULGADO DO SOCIAL Nº 3 VIGO

Anuncio

D/Dª MARTA LAGOS SUAREZ LLANOS, SECRETARIO DEL JUZGADO DE LO SOCIAL NÚMERO 003 DE VIGO.

HAGO SABER: Que por resolución dictada en el día de la fecha, en el proceso seguido a instancia de D/Dª TANIA BARRAL FARO, ANA SACRISTAN MELO, MARIA ISABEL LOPEZ BRAGA contra SERCLINIC SOCIEDAD DE SERVICIOS MEDICOS, S.L., ATLAB, S.L. , MEDICINA DE LABORATORIO, S.L. , LABORATORIOS SAN ANDRES SOCIEDAD CIVIL , ANCLOP AIE , JOSE MARIA NIETO BERNAT , GUILLERMO SEIJO FORMOSO , RAMON CASARES PEREZ , ANTONIO TOCA CARUS , CARRERA Y LOPEZ, S.L. , ALFREDO ROMAY VARELA , CONCEPCION GALLEGO CORTIÑAS , AVELINA GARCIA CARRERA , en reclamación por ORDINARIO, registrado con el nº PROCEDIMIENTO ORDINARIO 0000553 /2015 se ha acordado, en cumplimiento de lo que dispone el artículo 59 de la LJS, **citar a CARRERA Y LOPEZ S.L.**, en ignorado paradero, a fin de que comparezca el día 24/5/2016 a las 10:20 horas, en Planta 3 - Sala 5 - Edif. Xulgados, para la celebración de los actos de conciliación y en su caso juicio,